



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### A CORUÑA

##### Persoal

*Publicación Oferta Empleo Público do Concello da Coruña para o ano 2024*

##### ANUNCIO

Na sesión celebrada o día 3 de abril do 2024, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar a Oferta de Empleo Público do Concello da Coruña para o ano 2024 en cumprimento do establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no TREBEP, na Lei 2/2015, do 29 de abril do emprego público de Galicia e dos límites fixados na Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 (prorrogada ao exercicio 2024, en cumprimento do art. 134 da Constitución Española), nos termos establecido no Anexo I.

Nesta oferta de emprego público inclúese a reserva de seis postos da categoría de policía, do Corpo da Policía Local, que segundo o artigo 43 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, serán provistos, pola quenda de mobilidade, mediante concurso de provisión de postos de traballo.

**Segundo.-** De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

A Coruña, 5 de abril do 2024

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, PD.

O concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana

José Manuel Lage Tuñas

## ANEXO I

## OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2024

## QUENDA LIBRE

SUBGR./GR.	DESCRIPCIÓN PRAZA	NÚM.	ESC.	SUBESCALA	CLASE	OBSERVACIÓNS
C1	TEC. AUX. TÉCNICAS AUDIOV.	1	AE	Servizos Esp.	Cometidos Esp.	
C1	POLICÍA LOCAL	12	AE	Servizos Esp.	Cometidos Esp.	
AP	SUBALTERNO/A	2	AX	Subalterna		1 reservada a persoas con discapacidade
C2	AUX. ADMINISTRATIVO/A	10	AX	Auxiliar		3 reservadas a persoas con discapacidade
C1	BOMBEIRO/A	2	AE	Servizos Esp.	Ext. Incendios	
C2	OF. PROTECCIÓN CIVIL	1	AE	Servizos Esp.	Cometidos Esp.	
A2	ENX. T. AGRICOLA	1	AE	Técnica	Técnicos medios	
	<b>TOTAL</b>	<b>29</b>				

## QUENDA PROMOCIÓN INTERNA

SUBGR./GR.	DESCRIPCIÓN PRAZA	NÚM.	ESC.	SUBESCALA	CLASE	OBSERVACIÓNS
C1	ADMINISTRATIVO/A	8	AX	Administrativa		
C2	AUX. ADMINISTRATIVO/A	2	AX	Auxiliar		
C1	T. AUX. BIBLIOTECA	7	AE	Servizos Esp.	Cometidos Esp.	
B	T. SUP. DELINEACIÓN	2	AE	Técnica	Tec. Auxiliar	
A2	OFICIAL OPERATIVO SEIS	2	AE	Servizos Esp.	Ext. Incendios	
	<b>TOTAL</b>	<b>21</b>				

## QUENDA MOBILIDADE

SUBGR./GR.	DESCRIPCIÓN PRAZA	NÚM.	ESC.	SUBESCALA	CLASE	OBSERVACIÓNS
C1	POLICÍA LOCAL	6	AE	Servizos Esp.	Cometidos Esp.	
	<b>TOTAL</b>	<b>6</b>				

2024/2303